

**SEGUIMOS DEFENDENDO O INCREMENTO DUN CUARTO DA PAGA DE BENEFICIOS**

Tal como anunciabamos no noso comunicado de marzo de 2007, esta sección sindical sostén que da aplicación do artigo 18 do Convenio Colectivo de Banca (CCB) deriva o incremento dun cuarto da paga de beneficios neste ano 2007.

**Reiteramos que hai un aumento dun cuarto de paga**

Para calculalo, establécese unha comparación entre o custo dunha paga líquida do 2006 de todo o cadro de persoal e o dividendo líquido finalmente aboado aos accionistas polo exercicio 2006. En marzo percibimos 1,5 pagas de beneficios, o mesmo ca o ano anterior, porque para establecer se se produce ou non un incremento de pagas de beneficios, primeiro é necesaria a aprobación do pagamento de dividendos na Xunta de Accionistas (28 de marzo do 2007), en segundo lugar cómpre coñecer o dividendo líquido realmente subscrito e, finalmente, segundo establece o CCB, se se produce un incremento de cuartos de paga de beneficios, a empresa dispón ata o 30 de xuño para proceder ao seu aboamento.

**Reclamamos que non se absorba**

Nestes momentos estamos a discutir coa empresa os parámetros económicos que configuran a citada fórmula e, para o noso entender, constátase que se produce un incremento dun cuarto de paga que debería aboarse neste mes ou o próximo.


En consecuencia coa nosa posición, reiteramos o reclamado xa en marzo: que se aboe o cuarto de paga e, ademais, que NON SE ABSORBA.

**Non é admisible que cun incremento dun 50% de beneficios e estando publicada a repartición de opcións sobre accións (non absorbibles) para 500 directivos, se exclúa o resto do persoal de participar nos espectaculares beneficios que obtén a empresa e que producimos entre todos.**

Seguiremos informando.

Maio do 2007

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>**

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome _____		Ofi.: _____		
Domicilio _____				
Poboación _____		C.P.: _____		
Cta. de cargo _____			DNI _____	Data / / _____
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				